



ACORDOS COMITÉ DE XIMNASIA ACROBÁTICA

Ourense, 11 de Outubro do 2018

1. CALENDARIO COPA GALICIA INTERNACIONAL 2019.

Para fixar a data da Copa Galicia Internacional do 2019 tense en conta o calendario de Portugal e máis da RFEG, xa que este ano está prevista a celebración da Copa de España de Acrobática que intentarase realizar en Galicia conxuntamente ca Copa Galicia. Tras barallar distintas posibilidades acórdase fixar a data da Copa Galicia Internacional a do tercer fin de semana de Febreiro, é dicir, o 15-16-17 de Febreiro. Propónse a sede de Marín, Pavillón da Raña, para celebrala xa que o Concello e o clube que entrena alí comprométense a colaborar na organización.

Acórdase que a Federación Galega se poña en contacto ca RFEG para tratar todo o relativo a celebración da Copa de España en Galicia coincidindo ca Copa Galicia Internacional.

2. NORMATIVAS 2019.

Adxuntase o regulamento da Copa Galicia Internacional para 2019 modificado tanto en castelán como en inglés.

Adxuntase asemade a Normativa Escolar para o ano 2019.

Acórdanse asemade as datas provisionais dos campionatos Galegos:

- Cpto. Galego de Ximnasia Acrobática e Copa Galicia Escolar de Ximnasia Acrobática 27 e 28 de Abril de 2019 (en Vigo ou área limítrofe)
- Cpto. Galego Escolar de Ximnasia Acrobática en Xuño 2019 (Pontevedra)

3. TECNIFICACIÓN 2019.

A liña de tecnificación de cara a 2019 é optimizar os recursos para becar aos ximnastas con proxección internacional de cara a súa participación no Campionato de Europa.

En caso de que se clasifiquen poucos equipos o montante restante poderíase empregar para traer un técnico de renombre para resolver dúbidas e facer apoio e formación aos técnicos galegos.

4. SUXERENCIAS E PREGUNTAS.

Garantizar a hidratación en tódolos Campionatos que se realicen para esta modalidade.